

CONCHA BLANCO

Escritora e autora de «Coa carauta posta»



A novela que presenta Blanco é unha historia de amor e desamor | EMILIO RELOVA

«Con esta novela descubrinme como creadora de personaxes»

C.P.

SANTIAGO | A literatura para adultos irrompeu na traxectoria de Concha Blanco cando a escritora tiña acadado un merecido recoñecemento como autora de narrativa infantil. Onte presentou na Librería Couceiro a súa quinta novela, *Coa carauta posta*, unha historia de amor e desamor na que a protagonista é unha muller que lle da un xiro a súa existencia cando ten trinta e tantos anos, con momentos agrídoces e emocións encontradas.

—¿Esta novela é moi diferente das anteriores?

—Cada unha é diferente das demais, porque non deixa de ser un xogo que, neste caso, ten tintes realistas sen deixar de ser unha historia totalmente de ficción, e combina momentos emocionais contraditorios. Pero ten máis personaxes que as anteriores e moi diversos. Hai un, Anxo, especialmente complexo, doce e perverso a un tempo, que é do que máis contenta estou.

—¿É unha novela de personaxes?

—Si, e crealos fíxome encontrarme a min mesma, recoñecerme a través delas certas virtudes e tamén un lado escuro. Descubrinme como creadora de personaxes, algo que me permite evadirme da vida real a tempo parcial.

—¿É mais doado escribir para nenos ou para adultos?

—Cando escribín a primeira novela foi unha sorpresa darme conta que me era máis fácil escribir para adultos, porque non tes que controlar a linguaxe como cando fas literatura infantil, nin medilo todo con coidado e captar a atención dende o principio.